

CANTIGAS DE MUÍÑOS

Unha noite no muíño,
unha noite non é nada;
unha semaniña enteira,
esa si que é muiñada.

No muíño onde eu moio,
tamén moe unha señora;
tíralle ó gran, queridiña,
tíralle o gran que non roia.

Non podo cantar
que estou rouca;
que fun durmir ó muíño
esta noite e maila outra.

Ó muíño da fervenza,
eu non vou por pasear;
que ía por face-la bola
e máis por parrandear.

Tamén moe unha señora;
Tíralle ó gran, queridiña,
Tíralle o gran que non roia.

Ao muíño do meu pai
Eu ben lle sei o tempero
Eu bótolle o gran enriba
E moe o muíño lixeiro

Ao muíño do meu pai
Eu ben lle sei o tempero:
Cando está arriba, baixalo
Cando está abaixo, erguelo

Non podo cantar
Que estou rouca;
Que fun durmir ó muíño
Esta noite e maila outra.

Ó muíño da fervenza,
Eu non vou por pasear;
Que ía por face-la bola
E máis por parrandear.

Manueliño, canteiro;
Manueliño, canteiro;
as falas de Manueliño
pican no muíño albeiro

Non o quero mariñeiro,
nin tampouco pescador;
porque ten o mar por cama
e o ceo por cobertor.

O muíño do meu pai
eu ben lle sei o tempero.
Se está alto, baixalo;
se está baixo, erguelo.

Esta noite no muíño
ha de haber o que ha de haber:
as tellas do seu tellado
han de ir ao río a beber.

Non te fíes, rapariga
do canteiro que ben canta;
é a fariña da pedra
que se lle pon na garganta.